



A NOSA TERRA

Idearium das "Irmandades da Fala"

ANO MCMXXII



PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 pesetas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adelantados

Redacción e Administración: Praza Maria Pita. 17. baixos. A CRUÑA

CERVANTES

Librería, Papelería e Imprenta

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

A CRUÑA

FERRER



TALLERES DE FOTOGRAFADO

Clichés PARA PERIÓDICOS, REVISTAS ILUSTRADAS, PROPAGANDA INDUSTRIAL, RECLAMO DE ARTISTAS, &c.

REAL 61, CORUÑA

NOVELTY

Planchadeiro de moda - Grandes talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrás: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12
VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursás na Cruña: Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursás ostentan un letreiro como sinal, que, reproducen a marca de garantía xa conecida.

Recíbense encárregos de fora, e-espídense por meio das nosas sucursás. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandár os seus encárrégos.

Os viños e coñás millores

os que exporta a casa PEDRO DOMEQ de **Xerez da Fronteira**, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth máis selecto

de mundial e reconocida sona é o **Cinzano** (Torino).

Para viños de mesa

non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera 39 e 41 - 2.º piso-A Cruña

Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BÓS AIRES

FUNDADO EN 1886

Capital. . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (incorrida prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bós Aires), ROSARIO DE SANTE FÉ, BAHÍA BLANCA e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacións bancarias nas condicións máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas.,	3	»	»
En prazo fixo de tres meses	3	»	»
Idem id. 6 meses	3 1/2	»	»
Idem id. un ano	4	»	»
A máis prazo	convencional		

Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VI — NÚMERO 173 — 15 NOVEMBRO 1922

14 de Novembro do 1916

Data xurdia de fonda ledicia para nós. N'ese día saíu á luz o primeiro número d'esta folla enxebre. Xa fai seis anos. Seis anos de espallamento do Ideal nobre e patriótico. Seis anos de labor contínuo sempre co pensamento e o corazón postos na Terra Nai. Seis anos convertindo aos «escuros e imbéciles» en «bós e xenerosos.» ¡Cántas ledicias e cántas tristuras en todo ese tempo!

Un fato de homes bós, de galegos nobres fundaron este boletín o mesmo que pouco tempo denantes fundaran a primeira «Irmandade», a da Cruña. Foi nos tempos da gran guerra cando os materiáis para a súa impresión alcanzaran precios enormes. O púbrico, non afeito aínda a ouvir falar cultamente en galego, acolleuno con risas, con excepticismo. Non pasaría do segundo número. Este acollimento cinguido ao entusiasmo patriótico d'aqueles homes, foi o que deu vida ao noso idearium. A NOSA TERRA é una proba vivente da férrea vountade nacionalista. Hoxe tén a súa vida asegurada e vivirá longamente para alentar aos bós e fustigar aos malos. Nas súas páxinas rendíronse homenaxes sinceiros aos precusores da Idea; por elas desfilaron e veñen desfilando as firmas dos apóstoles de hoxe, e n'elas están como sagrada reliquia as conclusións das asambleas nacionalistas celebradas, ¡aquela grandiosa de Lugo, que foi a primeira pedra da Gran Obra! Hoxe hai milleiros de galegos e centos de homes d'outras terras que, como nós, teñen as mesmas arelas, que lén A NOSA TERRA con entusiasmo e intrés.

Cábelle a honra ao noso boletín de ser o primeiro francamente nacionalista que se publicou na Patria. Espallou fortemente o ideal da nosa liberdade e despois de seis anos consagrados a esa labor olla hoxe con fonda alegría como votou fortes raíces na Terra o credo patriótico por él espallado.

¡Qué diferenza de cando saíu por vez primeira aos días de hoxe, despois de pasados seis anos! Cada número que sal de A NOSA TERRA atopa mais convencidos. As filas nacionalistas engrosán cada día que pasa. Supoñede a nosa íntima satisfacción.

E para rematar esta recordación cómprenos adicar unha lembranza de cariño aos irmáns que xa finaron. Saudar con agarimo aos que connosco están o mesmo que aos demais nacionalistas da Iberia, aos nosos lectores e a cantos axúdanos na publicación d'esta folla que é a historia do rexurdimento da Terra asoballada.

Os que sostemos A NOSA TERRA, confiados no noso entusiasmo, sabermos darlle longa vida, xá que n'ela temos postos os nosos amores.

¡Terra a Nosa!



C O U S A S

En "El Socialista" publicou Quintanilla fai días un artigo falando do ambiente galego no que decía entre outras cousas que nas vilas galegas non se atopaba un anaco de cidadanía e que si algunha hai, é sómentes nos pequenos grupos socialistas. Esta afirmación feita por un significado nacionalista como é Quintanilla, deixóume compretamente abraiado. Non quero negar que nos núcleos socialistas exista o concepto da verdadeira cidadanía, pero decir que sómentes no socialismo pódese atopar, paréceme que é faltar á verdade. En moitas vilas galegas existen grupos nacionalistas que como sabe moi ben Quintanilla predicán de cote e véñenno facendo dende hai cinco ou seis anos, o verdadeiro concepto da cidadanía e sobre todo da cidadanía galega e galeguista que é a que a nós mais nos importa. Isto non o desconoce Quintanilla, que ademais sustenta o criterio de que o nacionalismo debe ser apolítico para se non mixturar coa noxenta política hespañola exenta compretamente de cidadanía. El, que figura n'un grupo nacionalista que ven predicando cultura, que se considera arredado do ambiente xeneral das vilas galegas, que pensa que o primeiro que se debe facer son cidadáns; cómo pode decir que sómentes atópase algo de cidadanía nos grupos socialistas figurando él n'unha organización que a súa maior e casi única finalidade é a de facer cidadáns? Penso que Quintanilla non reparou ben no que escribiu. E ollando a cousa por un lado práctico para nós, os nacionalistas, ao facer Quintanilla un artigo para un xornal non galego debéra facer resaltar o movemento nacionalista, do que hai grupos en casi todas as vilas galegas, como creador d'unha cidadanía galega. Agás que pense Quintanilla que os nacionalistas non somos verdadeiros cidadáns galegos e que os grupos nacionalistas carecen de cidadanía. Afirmar ésto sería contradecirse. E si efectivamente pensa que é certo, eu direille pol-a miña conta que... serán algúns...

* * *

E xá en pé de facer comentarios, vou seguir. Primeiro Ramón Villar Ponte e despois Vicente Risco dixeron en "La Zarpa" que hai dúas Galicia. A do campo e a da vila. Que a da vila atópase mais desgaleguizada que a do campo. E certo. Para os nacionalistas é cousa d'abondo sabida. Conocendo esta realidade, non estou conforme co criterio d'eles de querer fuxir das vilas. O nacionalismo propoñe desenrolar en Galicia un verdadeiro ambiente de galeguismo que, aínda existindo, non está d'abondo desenrolado coletivamente. Para facel-o, é necesario autuar en todas partes e mais aínda onde mais precisa se faga a nosa autuación. Si nas vilas é onde mais nótase a falla de galeguismo penso eu que é nas vilas onde mais debemos intensificar a nosa labor sin esquencer naturalmente ao campo, pero que por acharse en condicións mais doadas non precisa tanto da nosa autuación galeguizante. Señalar o sitio onde se precisa que nós autuemos e querer fuxir d'él, paréceme que non está ben. Penso que é unha cobardía. Non sei si estarei trabucado, pero eu penso así.

Claro que nas vilas hai que autuar con mais forza e ser mais pertinaces; pero ¿non nos chamamos apóstoles da Idea? Pois o verdadeiro apostolado consiste en traballar onde mais necesario sexa que se traballe.

Fuxir do perigo non está ben. Hai que o afrontar cara a cara e sin medo nin cobardía. E como si o médico tivera medo d'entrar na casa dos doentes, alí precisamente, onde mais necesaria é a súa presenza. Nós somos o médico e Galicia é o paciente, con mais gravidade na vila que no campo. Tratemos de curar aos dous, menciñando con mais

forza a quen se atope en maior perigo, e botando man de toda a nosa ciencia curadora. Mais nunca fuxir do sitio onde a nosa presenza é mais necesaria e urgente.

VICTOR CASAS.

Doña Inés de Velasco Tobar

Tén Galicia ben acreditado o ser fecunda en mulleres ilustres. Conocidos son os gloriosos nomes de moitísimas baixo múltiples aspectos: no da relixión, caridade, beneficencia, ensinanza pública, valor guerreiro, literatura, poesía e tantos outros. ¡Pero cantos permanecen esquecidos ou ignorados!

Especialmente, os de aquelas Ricas-donas que cultivaron a legislazón, ciencia que parece impropia de mulleres, e que sen embargo, levadas de un fin humanitario e caritativo para c'os seus vasallos, entregáronse a ela por enteiro.

Con estas opulentas e aristocráticas señoras, sen causa que o justifique, cometeuse a injusticia de silenciar os seus nomes e os seus feitos, e solo a casualidade nos fixo descubrir os de unha de elas.

É esta a insigne Condessa Doña Loba Pérez de Traba, muller de excepción virtudes e de gran intelixencia e saber. Fillla do glorioso Conde D. Pedro Froila de Traba, criouse e educouse na compañía dos seus irmás os célebres D. Bermudo e D. Fernando, e do Emperador Alfonso VII, monarca entregado na súa juventude á custodia, cuidado e insinanzas de aquel famoso prócer, en cuxa casa residía.

Foi Doña Loba benfeitora de moitas abadías, en especial das de Sobrado e de Monfero, cedendo a esta o seu propio pazo, que aínda non fai moito tempo conociase co nome de "Casa da Loba". Fundou o mosteiro de freiras de Dormeá e despois de dotalo espléndidamente, entrou n-el de relixiosa e alí finou.

Pero o que mais singulariza a esta insigne dama, e o feito de haber redactado e escrito por si mesma, unhas sabias leis ou constituzós para o bon réxime e goberno dos vasallos que compoñían os seus extensos Estados. O texto de este código, non se conoce, pero abondanos saber que existiu, e con poder deixar registrado o caso, dámonos por satisfeitos.

Non sería esta a única muller gallega que fiándose pouco dos seus tenentes, justizas e feitores, e inspirándose no ben dos seus súbditos, deixase de intervir persoalmente no goberno dos mesmos.

Por de pronto, temos conocimiento de Doña Inés de Velasco Tobar, Condessa de Monterrey, filla do Marqués de Berlanga. Non sabmos se esta muller ilustre foi ou non foi gallega, pero viviu en Galicia tanto tempo, estaba con nós tan identificada, e amou tanto a esta rexión, que aínda que en ela non naceuse, ten dereito a que a consideremos como conterránea, sendo digna, ademais, de toda recordazón.

Criou e educou por si mesma a aquel glorioso D. Gaspar de Acevedo Zúñiga, seu fillo, Conde propietario de Monterrey, quen empezou dándose a conocer con motivo do sitio da Cruña pol-os ingleses en 1589, e fixo despois inmortal o seu nome como Virrey de México e do Perú, onde, en proveito de aqueles dous virreynatos, gastou canto tiña e morreu pobre.

Doña Inés, vendo as vexazós de que eran vítimas os pobradores dos dilatados Estados do seu fillo e o inhumanitario do trato que recibían por parte dos que estaban na obrigazón de protegelos, determinouse a amparalos ela directamente, e para isto compuxo, dictou e pro-

mulgou unhas ordenanzas ou constituízos como poucas se terán escrito.

Van dirixidas especialmente, contra as justizas, juíces, escribanos e demais gente de pouca conciencia que explotaban cruelmente aos seus infelices vasallos, e n-elas hay regoas que o prevén todo.

Non nos é posible facer, n-este lugar, nen sequer un extracto do contido de tan sabio código, e así, contentarémonos, como mostra do que significa, a aludir a algú dos seus principais artigos.

Os primeiros están dedicados a evitar gastos judiciáis, molestias e perjuizos aos habitantes de aquelas comarcas. O artigo 5.º, por exemplo, manda que os juíces sinalen para as audiencias, horas convenientes, segundas distancias dos lugares de donde procedan os litigantes, de maneira que poidan estos volver ás súas casas o mesmo día, evitando así o que se queden a dormir e a jugar nas tabernas.

Pol-o artigo 15 dispónse o que sean expulsados dos pobos, os escandalosos e gentes de mal vivir. No 17 ordénase "castigar los pecados públicos y delitos, como blasfemias, de remesos y echicerías supersticiosas, amancebamientos, perjuros, testigos falsos, usureros, reñoberos y logreros, robos, urtos, muertes y eridas, juegos, etc..."

Dispón o 18 que se visiten e comprobén os pesos e medidas de catro en catro meses.

Pol-o 19, prohíbese aos juíces o jugar nas tabernas.

No 28, mándase que nas cárceres se habiliten lugares donde estén separados homes e mulleres e non juntos. O artigo 37 dispón que os presos non joguen nas cárceres nin que n-elas se cometan deshonestidades.

Trata o 47 das feiras e mercados.

No 48, mándase construír mesós para acoller ás persoas e camiñantes.

Pol-o 51, ordénase a recomposición das pontes para que se poida pasar por eles sen perigo, e que as fontes se fagan de arco para que n-elas non poida beber o gando.

O 52 refírese ao arreglo dos camiños.

O 55 manda visitar os muiños e marcar as medidas pol-as que se ha de maquiuar.

O 61 é o arancel para mesoneiros, vendeiros e taberneiros. Pol-o 63 mándase que os mesoneiros teñan camas limpas. O 64 obrígalles a conservar as caballerías enxoiadas e os pesebres altos para que non poidan andar por eles porcos nin galiñas.

Dispón o 65 que os mantimentos se vendan por peso e medida e non a ollo.

O 69 ordena que os mesoneiros e taberneiros non den pousada na súa casa a ladrós, vagamundos nin malas mulleres, nin teñan taboas de jogos.

No artigo 74 mándase prantear montes, viñas e carballos, prohibindo o que se arrinquen despois.

O 75 refírese ás regas, o 77 a vendimas, o 84 á sega, e o 85 manda que non sean acollidos os segadores que pasen de Portugal nin de outras partes.

No artigo 86, finalizan as constituízos, cuya fecha é en Monterrey a 24 de Nadal de 1572. Días despois foilles añadido outro artigo máis, o 87, polo que se ordena que se saneen as ruas das vilas e pobos, evitando a lama e auga que houbese nelas para que non se convirtan en lugares enfermos e de mal olfato. A data de este novo artigo e tamén en Monterrey a 6 de Janeiro do seguinte ano, e n-el, súa insigne autora, firma simplemente "La Condesa".

Tal é, en resumo, o principal contido de este precioso código, tan comprobante, que de todo se trata n-él: justiza, orden, moralidade, beneficencia, servizos públicos, hixiene, agricultura, repoboación forestal, etc. Dudamos que nas ordenanzas municipais de moitas cidades modernas se estudien estos asuntos tan minuciosamente.

Justo nos parece, pois, rendir aquí un tributo de admiración á gloriosa dama Doña Inés de Velasco Tobar.

CESAR VAAMONDE LORES.

A Cátedra de literatura galaico-portuguesa

Breves comentarios

Anda estes días pol-os diarios de Galicia a nota de que a "Asociación de Estudiantes Católicos" propónse facer rexurdir o asunto da creación d'unha cátedra de Literatura galaico-portuguesa na Universidade de Santiago, e traballar pola súa realización.

E din que procurarán que os Concellos, as Diputacións e canto sinifique forza e cultura na rexión soliciten do Goberno a creación da mencionada cátedra por medio de telegramas e instancias.

Non sei como será eso.

Eu teño pouc afe nas peticións feitas ao Goberno d'ese xeito, e menos aínda en certa crás de peticións que fan os Concellos e Diputacións de Galicia. Xa é sabido que as nosas Diputacións teñen pouco de galegas, e no tocante aos Concellos, non falemos. Inda que pareza mentira, e por mais que moitos rexidores para falar coa xente da súa familia teñen que se espresaren en galego, son enemigos do galeguismo.

Xeneralmente, tamén cantos se dan un pouquiño de barniz cultural, inda que sexa á costa d'algúns manuales traducidos de edicións francesas revellidas, non queren nada có idioma galego; e se hai quens pol-os seus estudos, pol-a súa cultura real, comprenden que esa cátedra non estorbará, tampouco a considerarán necesaria, xa que para eles a literatura galega non é mais que un pasatempo sen finalidade ningunha e falto de ambiente, e a portuguesa... ¡Bah! ¡Portugal en España sempre foi cousa de risa!

Por eso, eu coído que a cátedra de galego non existe xa porque non se quere que exista; porque non hai o menor interese na súa creación.

¿Quen pode impedir que na literatura xeneral adíquese á particular de Galicia e a irmá portuguesa o estudo que merecen?

Temos entendido que o Sr. Cotarelo incorporou xa algunhas leccións, e non sería difícil outar d'él por un simple rogo que as faga mais estensas. Agardámolo así do seu amor á Galicia e ás súas letras.

Mais, na mentres haxa catedráticos coma o do Instituto da Cruña, que, na propia capital de Galicia, fala da literatura rexional e presenta modelos d'ela ¡traducidos ao castelán! ¡E foran ben traducidos!

Qué contraste hai entre toda esta frialdade, este desinterese ou mais ben a oposición que se fai en España á estes estudos, que pertencen á propia vida dos pobos hispánicos, e a importancia que se lles concede en países estranxeiros. Nos Estados Unidos, por exemplo, na Universidade de Yale existe a cátedra de idioma e literatura española, e, semanalmente, fanse leccións sobre as linguas e literaturas rexionais, entre as que figura a galega.

En Lübeck, tamén o Dr. Bjorkman ven facendo estudos sobre a nosa fala e literatura; e existen igualmente na de Coimbra, onde doña Carolina Michaelis ten unha atención preferente para o galego. E así en Suecia, e en Francia; en Inglaterra e Italia, hai quen se preocupa de nos estudar como pobo vivo, con arte e literatura propios; mais en España...

¡Que noxo produce todo esto!

LEANDRO CARRÉ.

O Archivo de Galicia

Parece que con motivo da instalación do arquivo de Galicia váise levantando na nosa terra un ambiente moi favorable a que quede definitivamente entre nós. Nada tén d'extraño, pois non facelo así, sería xá o colmo da nosa escravitude. Confiamos en que a cousa haberá de ir como deba e que o arquivo non sairá de Galicia. Mais é preciso tamén ir pensando en buscar un sitio onde o colocar. De ningún xeito debe estar esquecido e apodrecéndose como agora está. Instálese na Cruña, en Santiago ou onde sexa hai que o instalar como é debido e n'un local que reúna as condicións necesarias. A todol-os organismos oficiás, a total-as entidás e a cada galego en particular cómprelles traballar canto poidan por conquistar que o arquivo quede aquí e buscar o sitio onde instalalo con toda propiedade. N'este asunto confiamos que se conquistará o noso desexo que ao parecer é o desexo de todos.

TEATRO GALEGO

As veladas da Irmandade

A segunda velada que deu no local da "Irmandade" da Cruña "A Escola Dramática Galega" foi un novo e grandioso éxito. Celebrouse esta segunda velada o 29 do pasado representándose a comedia en dous actos "O Pazo", de Lugrís Freire. A pesar do mal tempo asistiron moitos irmáns que aplaudiron calurosamente ao autor e aos intérpretes. Estos levaron a obra a escena sin omitir ningún detalle e cada ún no seu papel estiveron a gran altura, sobre todo as rapaciñas Carmen Muñoz, Rosa Martínez e Consuelo Varela, que son tres artistas feitas e dereitas. Todos eles foron moi apraudidos. Ao final da obra fai chamado ao escenario o autor d'ela, noso irmán Lugrís Freire, quen pronunciou unhas verbás de agradecemento en tonos altamente galeguistas.

As dúas veladas celebradas pol-a "Escola" foron outros dous grandes éxitos. Adiante, rapaces.

Denantes de començar a representación léronse estas cuartillas:

* * *

A "Escola Dramática Galega" escolleu para representar hoxe diante de vós unha das milliores obras do teatro galego "O Pazo", do vello loitador da Causa galega e gabado escritor D. Manuel Lugrís Freire.

O Sr. Lugrís, que aquí na Cruña é ben coñecido de todos, é un dos dramaturgos galegos que máis contribuíu ao desenrolo do noso teatro. Cando a fundación d'aquela "Escola" que dirixía o finado Sánchez Miño, o Sr. Lugrís foi dos que máis traballaron para que a Escola fose adiante e cando aínda o noso teatro estaba nada máis que no pensamento e na boa vountade d'aqueles beneméritos rapaces, pois aínda non había máis que dúas ou tres obras que mereceran tal nome, él escribiu "Mareiras", grandioso drama en tres actos; "Minia", traxedia n'un acto, e "A Ponte", drama anticaciquil, en dous actos. físon estas tres obras que podemos decir son verdadeiras xoyas do noso teatro en formación. El levou a "Escola" a dar representacións por varios pobos de Galicia e moitas veces ademais de contribuir co seu propio esforzo contribuíu tamén co seu peto para o maior éxito d'aquela notabre e entusiasta agrupación.

Mais tarde escribiu "Escravitú" e "O Pazo" que hoxe representamos. E xá agora recentemente fixo "Estadeiña", que o ano pasado representamos nós aquí e que repetire-

mos éste ano na nova actuación d'este grupo de rapaces que animados d'un patriótico desexo queremos dar un impulso grande ao noso teatro. Xá vedes, pois, como o Sr. Lugrís traballou incansablemente pol-o resurdimento e vigorización da arte escénica galega. Mais a súa actuación galeguista non se reduxo somentes a eso. O Sr. Lugrís tén publicado varios libros de versos galegos, traballou na fundación do Centro Gallego da Habana, actuou por toda Galicia en asambleiras e mitins galeguistas, organizando sociedades agrarias e agrupacións anticaciquís, foi dos fundadores da "Irmandade da Pala", da Cruña; co seudónimo de "Asieumedre" publicou uns contos que non hai galego nin da vila nin do campo que non os conoza, e agora n'este ano e despois d'unha labor galega de tanto tempo, ao cabo dos seus anos de vida e decatándose perfectamente do rexurdir que se está verificando hoxe no noso idioma e nas nosas cousas, ollando con entusiasmo este glorioso rexurdimento da nosa Patria, da nosa santa Galicia escribiu unha Gramática do Idioma Galego, que está sendo moi gabada pol-a crítica e polos homes sabidos en asuntos d'esa natureza. O Sr. Lugrís non acouga. Con unha inquebrantabre fé nos destinos da raza galega traballa e traballa sin descanso. E un corazón mozo n'un corpo vello e ducho en cousas de vida. Na súa vellez, cando debía gozar d'un descanso que ninguén como él tén tan merecido, aínda traballa pol-a Terra figurando na vangardía do movemento nacionalista actual. ¿Non crédes vós que un galego así é meresciente d'un homenaxe cariñoso de todol-os galegos?

Ben decatados d'elo, os rapaces que formamos a "Escola Dramática Galega" que ningún prexuício nos ata e que somentes ollamos ás personas pol-a súa obra, pol-a labor que teñen realizado pol-o ben da Patria queremos rendir ao vello e infatigable loitador un humildísimo pero sincero e sentido homenaxe levando á escena unha das súas obras e falándovos siquera sexa escuetamente da labor galeguizante por él realizada. Este é o motivo d'estas palabras que vos diriximos.

Temos a íntima seguridade que vós estaredes identificados co noso pensar.

Hoxe representamos "O Pazo", onde o seu autor ataca feramente a eses desgraciados e cativos galegos que teñen vergoña en se chamar así e que coidan rebaixarse falando o noso idioma que é o propio d'eles. Desgraciadamente aínda hai algúns, mais dos que debera haber, que tan disparatadamente pensan pero que nós coidamos terán de desaparecer axiña. Canta na súa obra ás mulleres galegas, enxebres, aos nosos costumes e a todo o que é puramente noso.

Estamos ensaiando outra obra de Lugrís, "A Ponte", que representaremos axiña e pouco a pouco iremos representando as oustras obras súas ademais das de outros autores galegos.

Despois d'estas palabras, só réstanos pedirvos contribuyades co voso aprauso a este pequeno homenaxe que hoxe queremos tributar a un dos galegos que máis traballan pol-a liberdade e pol-o rexurdimento da Nosa Terra.

* * *

Outro novo éxito para a "Escola Dramática Galega" foi a velada celebrada na "Irmandade" o 5 dos correntes.

Levou á escena o diálogo cómico de Charlón e Hermida "Axúdate" e o boceto dramático en dous actos "Sacrificio", de D. Euxenio Carré Aldao. Esta obra, que se representaba por primeira vez na Cruña, gustou moito e o autor foi moi felicitado e apraudido. "Axúdate", que xá no ano pasado representárase na "Irmandade", gustou como sempre.

Os intérpretes das dúas obras colleitaron moitos aprausos; sobre todo as rapaciñas Consuelo Varela, Rosa Martínez e Francisca Arroyo, ésta que debutaba, demostrou grandes condicións para a escena, que estiveron a gran altura. Outra velada moi lucida na que se léron as cuartillas seguintes:

“Charlón e Hermida son ben populares en Galicia, popularidade adequerida por catro obras que teñen feito: “Mal de moitos”, “Axúdate”, “O Manciñeiro” e “Trato a cegas”. “Mal de moitos”, sobre todo, é a obriña que máis popularizou aos seus autores. Parécenos que non hai galego que non teña visto representado este diálogo onde Charlón e Hermida ridiculizan moi ben a un galego que inconscientemente e sendo ouxeto d’un mal por desgracia bastante abundante en Galicia, volta de América despois d’estar aló sete meses, facendo que se non lembra do lugar onde nasceu. “O Manciñeiro” é “Trato a cegas” son costumes do noso campo e “Axúdate”, que agora veredes, representa a dous rapaces do agro galego, que na vila están cumprindo o servizo militar, un dos cales ao comenzo da obriña parece sufrir o mal xeneral que lle fan sentir os señoritos donos da casa onde sirve; mais que ao se atopar con un seu enxebre veciño reconosce o erro en que se atopaba e fala novamente no noso idioma para transcurrir o diálogo cheo d’unha gracia galega e con chistes de moi boa ley. As obriñas de Charlón e Hermida, como sabedes, son levadas ao taboado pol-os mesmos autores e facendo así teñen recorrido casi toda Galicia dándoas a coñocer. Son dous galegos enxebres que d’o xeito que o fán axudan moito ao desenrolo do teatro galego, merescentes pol-o tanto de que “A Escola Dramática Galega” ao re-

presentar unha das súas obras adiquelles estas garimosas verbas.”

* * *

Carré, o vello Carré, non é samente un devoto da causa de Galicia, é un apóstol; non é un teorizante na área literaria, é un mestre traballador; e sempre que queiramos estudar a historia o desenrolamento da nosa literatura, nascida no noso verbo, samente Carré—o mestre, o cidadán exemprar e distinto—pode endereitar os nosos pasos.

¿Quén non conosce o seu notabre e proveitoso libro “Literatura Galega”? ¿Quén, conocéndoo, non vé nel o home estudoso e patriota, que soupo facer d’un libro de ciencia un dolmen de combate? Se Carré non houbera escrito mais que a devandita obra, abondaría pra que o seu nome fora lembrado decote nós fastos da nosa historia nacional galega.

Mais, léndo o libro do mestre, vese que n-un dos capítulos fala concenciadamente da tan levada e traída “Escola cruñesa”. Esta faceta da nosa literatura moderna ten unha meirande importancia na nosa renascencia. Foi un movemento hixiénico e purificador, un depurativo do sangue emporcado pol-os galegos sin cultura, ou con cultura descamiñada.

Véxase como o mesmo Sr. Carré xustificaba a fundación d’aquel movemento:

“Á elegancia, no modo de dicir, á cultura na frase e mais no asunto, ao sentimento, dozura e sinxeleza da poesía galega, seguira un rebaixamento grande. O bon gusto fora trocado pol-a “chocarrería” mais desvergonzada; non

semellaba sinon que a nosa fala non debía nin podía ser empregada mais que en custións sin importancia, vulgarismos que estaban acarón da parvada, cando non da obscenidade, principalmente ao trataren dos nosos costumes, tendo a gala de presentalos groseiramente, fuxindo de canto pudera idealizalos."

"Contra de tanta dexenaración e vileza, erguéronse en Santa Cruzada, e certamente en bon tempo, para poñeren fin a esa desenvoltura literaria, os poetas e escritores da Cruña. O escándalo foi grande. A vulgaridade e rutina, o pouco gusto e querencia pol-as cousas da Terra, foron dando logo os seus mais principás e encarnizados enemigos. ¡Qué de cousas se dixeron! ¡Qué de atrocidades literarias e filolóxicas se cometeron! Os que hasta entón tiñanse considerados á si mesmos como os árbitros e definidores da opinión pública, protestaron indignados. ¿Cómo, eles os indiscutibles, os mestres, os oráculos, podían ser postos en dúbida por us cantos desconocidos que viñan á esperaldas do doce sono da inactividade intelectual en que se hachaban? ¿Qué cousas eran esas de léxico, fonética, morfoloxía, e demais custións de que lles falaban? ¿Qué necesidade tiveran d'eso hasta entón para se asombraren us aos outros cós cativos froitos do seu inxenio?"

Poíl-o creador, o que mantivo ergueita a bandeira rexeñadora, o que soupo axuntar ao seu rente persoalidades tan esgrevias como o glorioso Pondal, o nunca esquecido poeta Salvador Golpe, o noso poeta e irmán Florencio Vaamonde, o fruído e fecundo Eladio Rodríguez, o trascendental Martelo Pauman, o barudo loitador dramaturgo LUGRÍS, e outros mais que agora non lembramos, foi o ilus-

tre, o querido, o patriota Carré Aldao. E sabe Deus a costa de cantos sacrificios para él foi sostida aquela escola que tiña por sede a súa propia librería.

Non foi sómente este terreo onde demostrou a súa grande intelixencia e traballo creador. Tamén foi poeta dos bós, dos inspirados, dos "limpos", como él pregoaba na Escola Cruñesa.

Díganos os seus tomos de versos en fala galega nomeados "Bretemas" e "Raiolas". ¡Cantos, que s'empoleiraron como poetas escolleitos, podían aprender e inspirarse na poesía de que están cheos aqueles libros.

Carré escribiu longamente en moitas revistas. Foi director de A NOSA TERRA, na súa primeira tempada; é académico de número da "Real Academia Gallega", na que prestou grandes servizos, como segredario. Foi premiado en moitos certames por traballos literarios e por outros de indagación histórica; e nos momentos d'agora está escribindo o vólume da geografía de Galicia, na parte correspondente á provincia da Cruña, obra que está ategada de datos e curiosidades que lle dan un valor grandísimo.

Tamén laborou para o noso nascente teatro. Hoxe, esta noite, representárase aquí, pol-a "Escola Dramática Gallega" da "Irmandade", o drama "Sacrificio", de que Carré é ilustre autor.

Para o galego consecuente, para o vello petrucio, para o escritor intelixente que ten a súa nobre e entristecida alma acesa no fogo do amor pol-a sagra e irredenta terra, pidimos un forte aprauso. Certamente que é o menos que podemos pedir para un home do seu altísimo valimento.

* * *

No amplo "Salón Doré", situado no barrio de Santa Lucía, celebrou a "Escola Dramática Galega" unha gran velada o viernes 10 ás dez da noite. Levou á escena "Filla", de Salinas, e "O Pazo", de Lugo. Concurriu a esta velada un público moi escollido e numeroso. As obras foron admirablemente interpretadas e os entusiastas rapaces e lindas rapaciñas encargadas dos papés colleitaron moitos e moi merecidos aprausos. O público saíu moi satisfeito da representación e desexando célebese unha nova velada. Antes de dar comenzo léronse unhas cuartillas expricando a finalidade da "Escola", o que debe ser o noso teatro e aproveitando a ocasión díxose algo de galeguismo que caeu moi ben entre a xente que concurriu á velada, composta por obreiros e xente modesta na súa maioría.

Despois que se teñan feito algunhas reformas no local, a "Escola" dará alí mais representacións, propagando así e co'as veladas na "Irmandade", o noso teatro e facendo galeguismo nos dous barrios extremos da capital.

Fume vosté con papel

NOROESTE

Propaganda agraria

Na derradeira asamblea agraria celebrada en Tuy tomouse o acordo de celebrar catro grandes mitins nas catro capitales galegas. O primeiro efectuouse en Pontevedra o día 5. Faláron n-él varios ouradores entre eles os señores Quintillán, Culebras, Basilio Alvarez e noso irmán Peña Novo. Culebras e Peña Novo faláron en galego. Todos eles atacaron feramente ao caciquismo, declaráronse partidarios da abolición dos foros e nos seus discursos deixouse ver unha orientación francamente nacionalista. Ao mitin asistiron centos de personas que apraudiron calurosamente aos ouradores.

En toda a provincia de Pontevedra e na de Ourense véñense celebrando moi a miúdo mitins agrarios contra os foros e para combatir ao caciquismo. En cause todos actua o incansable loitador agrario Basilio Alvarez, que está realizando pol-o campo galego unha gran labor pol-a que merese os mais siceiros parabéns.

UN HOMENAXE

En Santiago rendíuselle fai días un grandioso homenaxe ao emprendedor empresario de teatros D. Isaac Fraga, para festexar o trunfo conquistado pol-a empresa que leva o seu nome no seu recente pleito co'a Sociedade de Autores. Ao acto, que consistiu n'un xantar enxebre e que se celebrou no Teatro Principal, do que é dono, asis-

Papel de fumar

NOROESTE

tiron mais de dous centos comensales de diferentes pobos de Galicia e Hespaña. Recibíronse infinidade de adhesións. A "Irmandade da Fala" da Cruña mandou a súa por telégrafo, e a "Escola Dramática Galega" enviou unha cariñosa carta de entusiasta adhesión.

Poucos homenaxes teñense celebrado que tan merecidos fosen pol-os homenaxeados como o que agora tribuíuselle ao Sr. Fraga. Este, que é un galego de corazón, vai camiño, si o non conquistou xa, de facer da súa empresa a mais forte das empresas hespañolas. Conta xa con vintetantos teatros da súa propiedade e as oficinas centradas en Santiago. Isto tamén e facer galeguismo, pois é o Sr. Fraga unha mostra do carácter galego traballador e activo. Dende fai tempo ven axudando moito ás agrupacións de teatro galego e aos coros no espallamento dos nosos cantos e no despertar do noso teatro. Como decimos, o señor Fraga é un enxebre e un namorado das cousas galegas ás que presta gran axuda. Por eso nada mais merecido que o homenaxe que acábaselle de rendir, ao cal A NOSA TERRA adírese con sinceridade, ademais de felicitar ao Sr. Fraga pol-o trunfo conquistado no preito teatral.

Use vosté papel de fumar

NOROESTE

Compañía Naviera "Stinnes" (Hugo Stinnes Linien)

HAMBURGO

Servicio regular de vapores correos a os portos do **Brasil, Montevideo e Bos Aires**

Proximas saídas da Cruña

Vapor correo **Xeneral Belgrano** 16 de Nadal

Ademitindo carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

Precio do pasaxe en terceira especial: **Ptas. 482'10**

Id. id. id. ordinaria: **» 407'10**

(Incluídos todos os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse, ao Axente da Compañía:

Roxelio Fernández Conde - Feijóo, 4-baixo — A Cruña

Xosé Patiño

Bordados Artísticos
Xogos de cama Confeccións
Equipos para noivas

San Felio, 20-Apartado, 37

Palma de Mallorca

Paulino Freire

BOUZAS - VIGO

Sucursaes: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para
barcos pesqueiros
Malletas de abacá e cáñamo alquitra-
nado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido
compreto para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA —

Fábrica de Xergóns e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

EFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña mili-
tar, vapores, barcos de vela e pescadores.

“Patente-Salvavidas“

O mellor para pintar os fon-
dos dos barcos. Ganou Di-
proma de Honor, Gran pre-
mio e medalla de ouro nas
Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran. e Mirambell
VIGO-CRUÑA

ZINCKE HERMANOS
LIBRERÍA — PAPELERÍA
IMPRENTA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUNA —

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos estabre-
cimientos da súa cras que mais honran a Gali-
cia. Montada con arreglo aos derradeiros adian-
tos.

Alfredo Lastres Canosa
“La Encajera Española“

Fábrica de encaixes de fio
Tecidos a man. Especialidade en
aplicacións

Exportación Ibero-Americana
Almagro (Ciudad Real)

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxei-
ros Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Fillos de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos
NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECCIÓN

Inmenso surtido en Panos da Rexión
e Estranxeiro. Confecciónanse toda crás
prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256

A CRUÑA

Sobriños de José Pastor

BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Quen non teña luz eléctrica pódea ter aínda mais
brillante e branca pol-o ACETILENO, producida
pol-o xenerador e totalizador helióxenos. Novo
aparato hispano-argentino sistema

FREY-TORS e GONZ-LAG

Premiado na exposición do centenario Arxentino en 1910.
Gran diploma d'honor na Exposición Muestrario da Cru-
ña en Agosto de 1919

Liras, Tulipas, Boquillas, Brazos e Arañas

Venda de Carbuos

FREIXEIRO e FILLO - Cordoneria, 10, baixo - A CRUÑA

COMPANHÍA CHARGEURS REUNIS

E

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saidas fixas mensuais directamente d'este porto para os do Brasil, Montevideo e Bós Aires, dos manificos vapores rápidos a dúas hélices e de 16.000 toneladas de desplazamento:

DATA

VAPOR

30 de Novembro

ALBA (ex-SIERRA VENTANA)

Ademiten pasaxeiros de 1.^a, 2.^a, 3.^a especial e 3.^a corrente.

Prezos:	3. ^a especial en camarotes, comedores e salón de conversa	Pesetas	482'10
	3. ^a en camarotes, comedores e salón de conversa		427'10
	3. ^a corrente		407'10

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarta pasaxe; de cinco a dez anos, media pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enfeira. E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor. Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xenerás en Hespaña:

ANTONIO CONDE Fillos - Plaza de Ourense, 2 - A CRUÑA

Telegramas e telefonemas: "Chargeurs"

Garage ALONSO

Automóviles

Accesorios

Neumáticos

Bandaxes macizas

CONTINENTAL

con prensa hidráulica para o seu montaxe

Aceites e graxas

das

Mellores marcas

Automóviles

de alquiler

Comisións

Representacións

GASOLINA

vendas ao por maior e menor

GARAXES { Belanzos, 3
Rosalia Castro, 1-3-5
Xoán Flórez, 138

DE Alfredo Alonso, S. en C.

LA CORUÑA

Oficinas e despacho:

Xoán Flórez, 55 e 57

Dirección Telegráfica

e Telefónica:

Garaxe "ALONSO"

Teléfono urbano:

Oficinas, núm. 417

Garaxe, núm. 517

Liña directa coa interurbana

Conta corrente cor:

Banco de Hespaña

Banco Hespagnol do

Bio da Plata

Banco Hisp. Americ.º

Sobriños de J. Pastor



IMPORTACIÓN DIRECTA

Representación exclusiva das marcas MINERVA, ESSEX, HUDSON, BIGNAN SPORT

Servicio regular de autocamións de transporte entre a Cruña Santiago, e viceversa

OS MAIS IMPORTANTES GARAXES DE GALICIA.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade  Servicios directos dende o porto da Cruña

Próximas saídas **DIRECTAMENTE** da Cruña

Vapor Flandre 23 de Novembro

	PRECIOS EN CÁMARA	HABANA VERACRUZ	
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda crase	»	1.250 a 1.275	1.300 a 1.325
Preferencia	»	825	875

A estos precios hai que añadir os impostos
Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.
Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

Lloyd Real Holandés

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RÁPIDO A AMÉRICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para **Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos Montevideo e Bos Aires,**

ZEELANDIA 17 de Novembre

Admiten carga e pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

Precio do pasaxe en 3.^a cras, **Ptas. 400** máis impostos.

NENOS, menores de 2 anos, gratis; de 2 a 5 anos, cuarto pasaxe; de 5 a 10, medio pasaxe; de 10 anos, pasaxe enteiro.
Para cumprirentar as disposicións arxentinas é indispensable que todo pasaxeiro presente a documentación con **5 días** de anticipación a data de saída

PARA PRECIOS DE CÁMARA e prazas dispoñibles o **Agente General da Compañía en España:**

D. Raimundo Molina e Couceiro,-Consignatario Representante Xeneral da Compañía en España- -**Marina, 22—A Cruña**

BANCO HISPANO-AMERICANO

MADRID

Capital: 100 millós de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Girona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hispanos e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todol-os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionais e estranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	á vista.
2 1/2	por	100	id. id.	a 3 meses data.
2 3/4	por	100	id. id.	a 6 id.
3	por	100	id. id.	a 1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.